

REMATE DAS CLASES:

- Na EOI de Ourense:

- As clases dos niveis **A1, B2.1 e C1.1** de **INGLÉS** da **EOI de Ourense** rematarán o día **22 de maio**.
- Para o **resto de niveis e idiomas**, o último día de clases será o venres **24 de maio**.

- Nas seccións delegadas: Pode haber alguna excepción. Consulte co/a docente.

PROBAS

CONVOCATORIA ORDINARIA:

Terá lugar nos derradeiros días do mes de maio e a primeira quincena do mes de xuño (ver calendario de cada idioma)

PUBLICACIÓN DAS NOTAS

Nesta convocatoria haberá varias quendas diferentes. **Preste atención á que lle corresponde en cada caso :**

07/06/24 ás 22.00:

- Cursos de **PROMOCIÓN** e de **CERTIFICACIÓN** de **A2 e B1** de todos os idiomas.
- **C2 de Galego**

13/06/24 ás 22.00:

- **CERTIFICACIÓN** de **B2** de todos os idiomas (agás Galego):

17 /06/24 ás 22.00

- Cursos de **CERTIFICACIÓN** **C1 e C2** de todos os idiomas, agás Galego.
- Cursos de **CERTIFICACIÓN** **B2 e C1** de Galego

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA

As probas escritas e orais de promoción, de A2 e B1 e as orais dos cursos de certificación poderán ter lugar a partir do 17 de xuño (Autorizado pola Inspección Educativa).

As probas escritas de certificación de B2, C1 e C2 levaranse a cabo a partir do 20 de xuño.

As convocatorias concretas para as probas orais serán publicadas con, polo menos, tres días de antelación. Poderá consultalas na web, premendo no enlace que se habilitará no calendario das probas ou nas listaxes expostas na EOI nos espazos habilitados por cada Departamento.

Ver calendarios da convocatoria extraordinaria

PUBLICACIÓN DAS NOTAS

25/06/24 ás 22.00. Todos os idiomas e niveis

REVISIÓN DAS PROBAS:

O alumnado terá dereito a revisar as súas probas nos días e horarios establecidos polos departamentos, que aparecerán nas táboas que se publicarán coa debida antelación.

RECLAMACIÓN:

Tanto para a convocatoria ordinaria, como para a extraordinaria, o alumnado de todos os réximes e modalidades que estea en desacordo coa súa cualificación nas probas de promoción e de certificación poderá presentar unha reclamación ante a Dirección da escola oficial de idiomas no prazo de tres días hábiles contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, segundo consta no artigo 23 da [RESOLUCIÓN do 16 de maio de 2023, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para a preinscrición, admisión, matrícula e organización académica nas escolas oficiais de idiomas de Galicia no curso 2023/24.](#)

A Para isto deberá completar e enviar o formulario que pode atopar [AQUÍ](#)

Os prazos son os seguintes:

Convocatoria ordinaria:

- Para os cursos de PROMOCIÓN e os de certificación dos NIVEIS A2 e B1 de todos os idiomas e C2 de Galego, días 10, 11, 12 de xuño.
- Para o curso de CERTIFICACIÓN de B2 de todos os idiomas (agás Galego): días 14, 17 e 18 de xuño.
- Para o niveis C1 de todos os idiomas, C2 de inglés e B2 de Galego: días 18, 19 e 20 de xuño.

Convocatoria extraordinaria:

Todos os idiomas e niveis: 26, 27 e 28 de xuño

AS DATAS DAS PROBAS SON INAMOVIBLES.

Non obstante, de coincidirlle unha proba ORAL con outra (oral ou escrita) doutro idioma, a xefatura do departamento pode suxerirle unha opción alternativa. Póñase en contacto con esta o antes posible.